

Mini-concerto de música do Barroco:

Guillermo Alzugaray e Ruth Pazo

(violonchelo e frauta)

- ✓ *Cantabile* de “Il Cardenillo”, A. Vivaldi
- ✓ *Courante de la Suite BWV 1066*, J.S. Bach
- ✓ *Cunando*, G.P. Telemann
- ✓ *Rondeau*, H. Purcell

PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS

Na entrada do Palacio de Congressos estará habilitado un *PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS*


- ✓ Podes deixar un libro teu e levar outro dos que estea dispoñible.
- ✓ Antes de deixar un libro, ponlle un adhesivo recordatorio da V XORNADA DE CLUBS DE LECTURA na que participaches.
- ✓ Revisa se o libro que levas tamén ten o adhesivo.

AS PERSOAS LIBRO

Desde hai uns anos esténdese por distintos lugares do planeta a presenza das *PERSOAS LIBRO*, persoas que se resisten a que se perdan as palabras, as historias, os versos... aprenden de memoria os seus textos favoritos e compártenos... Aquí tamén hai *persoas libro*, unha iniciativa que pode callar nos clubs de lectura...

+ información sobre este tema:

<http://www.personaslibro.org/>




Os espazos colectivos de lectura sacan da súa soidade a cada un, fano comprender que os seus sufrimentos son compartidos non só polos que están ao seu carón, senón tamén polos personaxes que atopa nas páxinas lidas ou por quen as escribiron.

Michèle Petit


Cada lector le dun modo característico propio. Cada lectura é única. Aínda que a lectura individual pode ser modificada se o lector forma parte dun grupo, por exemplo o da aula, ou dun club de lectura.

Emili Teixidor



10.15 h.: ELIACER CANSINO ESCRIBIR PARA XENTE NOVA

(Sala Obradoiro)



Unha visión, desde a perspectiva do autor, de que significa escribir para xente nova. Que relación existe entre a idea que se ten dos mozos e mozas e a maneira de escribir para eles, e que responsabilidade afronta un autor que sabe que os seus lectores están nun apaixonante e complexo período de formación.

Catedrático de Filosofía en Instituto de Ensino Secundario de Sevilla. Comparte a docencia coa súa actividade como escritor. Participou en numerosos encontros con lectores novos tanto en España coma no estranxeiro (Xapón, EUA, Marrocos, México, Reino Unido) e colabora asiduamente en foros relacionados co fomento da lectura (F.G.S.R., Instituto Cervantes, Ministerio de educación, Junta de Andalucía...). A súa obra foi traducida a distintos idiomas. En 1999 obtivo o Premio Guía, pola súa obra *El Misterio Velázquez* (Bruño). Foi Premio Alandar con *Ok, señor Foster* (Edelvives), e Premio Nacional de Literatura infantil e Xuvenil en 2010 pola súa obra *Una habitación en Babel* (Anaya).

10.15 h.: OBRADOIROS (ALUMNADO)

Sala	Obradoiro	Relator
4	COMIC <i>Que é a banda deseñada?</i>	Jacobo Fernández Serrano
8	NARRACIÓN <i>A autoestopista fantasma e outras estradas perigosas</i>	Charo Pita
10	POESÍA <i>Poesía por un tubo: versos para todos os públicos</i>	Carlos Negro
14	RAP <i>Hip Hop: A xuntanza das Artes</i>	García Mc
25	REGUEIFAS <i>Improvisación en verso</i>	Pinto de Herbón e Luís "O Caruncho"

**12.15 h.: ME\$A
A EXPERIENCIA LECTORA A TRAVÉS
DUN CLUB (Sala Obradoiro)**

Polos clubs de lectura de alumnado:

- ✓ **Fanny Pereira** (IES Manuel García Barros, A Estrada)
- ✓ **Gabriel Eiroa** (IES San Paio, Tui)

Polos clubs de lectura de adultos:

- ✓ **José Beceiro** (IES de Catabois, Ferrol)
- ✓ **Ofelia Martínez** (IES Antón Fraguas, Santiago de Compostela)

Polo profesorado:

- ✓ **Chelo Gundín** (IES de Mugardos)
- ✓ **Carlos J. González** (IES Salvador de Madariaga, A Coruña)



**13.15 h.: INÉS MIRET
¿QUÉ ESTÁS LENDO? Rede de blogs de
lectores de 12 a 15 anos. OEI**



Mediante esta iniciativa, os Ministerios de Educación dos países e a OEI convocan aos estudantes dos dous primeiros cursos de secundaria (12 a 15 anos) dos institutos iberoamericanos a crear un blog no que compartan a súa experiencia como lectores, promovido baixo o lema "Que estás a ler?"

Mediante esta proposta, trátase de formar unha ampla rede de blogs de lectores, onde individualmente ou en grupo poidan darse a coñecer e construír unha identidade como lectores. Os lectores, por medio da súa bitácora, poderán mostrarse en calquera das súas facetas: dende o achegamento aos textos (cando exploran posibles lecturas, buscan, dubidan, elixen, descartan...), á construción colectiva do sentido dos textos (comentando, preguntando, reelaborando, contrastando, debatendo...).

Inés Miret é consultora especializada en proxectos dixitais relacionados coa lectura, o libro e as bibliotecas.

No ámbito das bibliotecas escolares, dirixiu o estudo de casos de boas prácticas (Bibliotecas escolares "entre comiñas") e a ferramenta de autoavaliación (Bibliotecas escolares entre interrogantes?). É coordinadora do grupo de expertos en lectura e bibliotecas da OEI e coordinou os estudos de bibliotecas escolares levados a cabo en España, Arxentina, Brasil, Chile e México.

**Blogues dos clubs de lectura:
LER EN MANCOMÚN**

<http://lerenmancomun.blogspot.com>

LIBROS A EITO (banco de libros)

<http://librosaeito.blogspot.com>

**16.00h.: O CLUB DE LECTURA COMO
FÓRMULA PARA CONSTRUÍRMOS
COMO LECTORES**

(Reunións por perfís de asistentes)

Sala	Grupo	Moderador/a
4	Alumnado 1 1º e 2º curso ESO	Salomé Díaz
8	Alumnado 2 3º e 4º curso ESO	Paz Fdez. Pereiro
10	Alumnado 3 BAC e outros	Juan Carlos Rábade
12	Adultos integrantes de clubs de lectura	Chus Juanatey
13	Os clubs de lectura como células de dinamización cultural no centro	Pedro Lamas
14	Lecturas compartidas/lecturas públicas	José Mª Lores
25	Roteiros literarios	Benigno Nerga
Obradoiro	Colaboracións con outros clubs	Anxos Rial

**17.30 h.: VÍCTOR FREIXANES
ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN, TERRITORIO
DOS AFECTOS (Sala Obradoiro)**



Unha reflexión sobre os espazos de relación a través do libro entre diferentes xeracións. A lectura como descuberta e socialización de grupos. A lectura como memoria dos afectos que construímos xuntos e transmitimos aos que veñen detrás de nós

Víctor Fernández Freixanes licenciouse en Filoloxía Románica na Universidade de Santiago, nunha altura en que xa se dedicaba á crítica e á creación literaria. En 1976 publicou o seu primeiro libro, *Unha ducia de galegos. O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) —coa que gañou o Premio Blanco-Amor e os da Crítica galega e española—o convertiría nun referente da nosa narrativa. Publicou tamén *O enxoval da noiva* (1988) e *A cidade dos Césares* (1993) e coordinou o ensaio colectivo *Galicia, unha luz no Atlántico* (2001), mantendo ademais un estreito vínculo co mundo editorial. Dirixe a Editorial Galaxia, é membro da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega. O seu último libro é *Cabalo de ouro* (2011)